



BASES DA CONVOCATORIA DE ACTIVIDADES “MELLORAR E MEDRAR EN URBANA SANTIAGO NORTE”:

A Concellaría de Economía, Comercio, Turismo e Mercados convoca no marco do programa Urbana Santiago Norte, proxecto cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) o programa “MELLORAR E MEDRAR EN URBANA SANTIAGO NORTE”.

Este programa de actividades está dirixidos ao empresariado da Zona Urbana Santiago Norte así como ás persoas que desexen iniciar unha actividade empresarial no territorio obxecto do programa Urbana Santiago Norte e queiran adquirir as competencias precisas para desenvolver a súa actividade emprendedora.

Celebraránse no marco deste programa as seguintes accións:

- **Servizo de apoio á empresa a domicilio.** Dende o 1 de setembro ao 15 de outubro inscríbete no Servizo de Apoio á Empresa a Domicilio e solicita unha das 40 avaliacións dispoñibles do teu modelo de negocio. Con titorías personalizadas e especializadas da man de profesionais de cada ámbito construirás un plan de mellora do teu negocio práctico e realista. Ofrecemos:

- 20 prazas para o Servizo de análise de modelo de negocio
- 10 prazas para o Servizo de diagnose de punto de venda para establecementos comerciais
- 10 prazas para o Servizo de diagnose, análise estratéxica e plan de acción para negocios do sector de hostalería e restauración.

Para inscribirse nesta actividade será preciso presentar en calquera dos rexistro municipais cos que conta o Concello de Santiago a solicitude que se adxunta como Anexo I a estas bases debidamente acompañada da documentación que se indica na mesma.

Será requisito imprescindible para participar nesta actividade que a empresa solicitante que teña a súa sede social, económica e de actividade no Territorio do Urbana Santiago Norte e que a actividade da empresa sexa coherente co servizo solicitado.



A admisión na actividade realizarase por orde de entrada en rexistro previa comprobación por parte da Oficina de Promoción Económica do cumprimento dos requisitos esixidos ata esgotar o total de prazas dispoñibles.

A admisión na actividade comunicarase individualmente a cada empresa telefónicamente e por correo electrónico.

- **Aula de maduración empresarial**

O obxectivo desta acción é mellorar a capacitación do empresariado da zona, así como de posibles persoas emprendedoras e persoas actualmente en situación de desemprego, a través de seminarios de 4 horas de duración e asistencia independente. Ofertaranse 15 seminarios coas seguintes temáticas:

1. Trámites administrativos da empresa
2. Rexímenes societarios para empresas
3. Responsabilidade funcional
4. A túa idea de empresa
5. O teu produto/ servizo
6. O teu mercado e a túa competencia
7. As túas necesidades loxísticas
8. Os valores humanos na empresa
9. Sistemas tecnolóxicos
10. Finanzas para non financeiros
11. Fiscalidade para non facendistas
12. O teu plan de marketing
13. Comercialización e vendas
14. Acceso a fontes de financiamento
15. A comunicación e a promoción.

CALENDARIO PREVISTO DE IMPARTICIÓN DOS SEMINARIOS:

D	M	I	F	ÁREA
06	10	10:00	14:00	Trámites Administrativos
07	10	10:00	14:00	Aspectos Legales Empresa
08	10	10:00	14:00	Responsabilidad Funcional
09	10	10:00	14:00	Ideas de Empresa
10	10	10:00	14:00	Tus Productos y Servicios
13	10	10:00	14:00	Tu Mercado y Competencia
14	10	10:00	14:00	Necesidades Logísticas
15	10	10:00	14:00	Tu Comunicación
16	10	10:00	14:00	Sistemas Tecnológicos
17	10	10:00	14:00	Finanzas para la Empresa
20	10	10:00	14:00	Fuentes de Financiación
21	10	10:00	14:00	Plan de Marketing
22	10	10:00	14:00	Comercialización y Ventas
23	10	10:00	14:00	Fiscalidad para la Empresa
24	10	10:00	14:00	Valores Humanos

D: día / M: mes / I: Hora Inicio / F: Hora de Finalización

En conxunto ofreceranse 60h de actividade dirixidas a persoas emprendedoras, empresariado, traballadores/as en activo e persoas desempregadas da zona do proxecto. A inscrición ás actividades realizarase a través da páxina web www.cersiaempresa.org e terá o límite de prazas indicado en cada convocatoria.

Datos previstas de realización:

- **Mellorar desmarcándose**

O obxectivo desta acción e mellorar a capacitación do empresariado da zona, así como de posibles persoas emprendedoras e actualmente en situación de desemprego, a través de accións formativas centradas na intelixencia emocional, a xestión do talento e a posta en valor das capacidades propias de cada persoa. constará de 14 conferencias de 2h de duración e 8 mesas redondas cada una nas que se tratarán as temáticas que se relacionan a continuación:

Conferencias:

Horarios previstos:

D	M	I	F	ÁREA
----------	----------	----------	----------	-------------

03	11	20:30	22:30	O teu lenzo persoal
04	11	20:30	22:30	Carteleira de perfís espello
05	11	20:30	22:30	A túa identidade persoal e laboral
06	11	20:30	22:30	Coñecendo Perfís
07	11	20:30	22:30	Análise do teu entorno laboral
10	11	20:30	22:30	Ti como produto. Talento e diferenza
11	11	20:30	22:30	Roll Play de desenvolvemento persoal
12	11	20:30	22:30	Propósito profesional e persoa
13	11	20:30	22:30	Coñecendo Perfís
14	11	20:30	22:30	O teu valor. O prezo dos recursos humanos.
17	11	20:30	22:30	Arquitectura e distribución persoal
18	11	20:30	22:30	Roll play de desenvolvemento Persoal
19	11	20:30	22:30	Promoción e comunicación persoal
20	11	20:30	22:30	Coñecendo Perfís

D: día | M: mes | I: Hora Inicio | F: Hora de Finalización

As conferencias realizaranse entre os días 15 de outubro e 3 de decembro de 2014. Consultar horarios, temáticas e lugar de realización na web www.cersiaempresa.org.

A inscrición ás actividades realizarase a través da páxina web www.cersiaempresa.org e terán os horarios, lugar de realización e límite de prazas indicados na convocatoria publicada nesa mesma web.

- **Laboratorio de prototipado empresarial**

Este laboratorio constitúe un seminario completo de capacitación de 70 horas, que busca dar continuidade aos seminarios para persoas emprendedoras realizadas o pasado ano 2013 completando o proceso de análise e realización do plan de empresa a través dunha actividade de 9 sesións prácticas de 5 horas de duración. Ademais da versión presencial a acción contará coa posibilidade de seguir a actividade de xeito virtual; para



poder ofrecer así unha actividade útil para o empresariado que xa está en activo e non pode por razóns de horario acudir fisicamente aos seminarios.

A través de dinámicas de xogo, análise de historias de éxito empresarial reais e empregando a metodoloxía CANVAS de prototipado empresarial; as persoas participantes ao final do curso disporán dun plan de empresa coherente e viable en termos económicos pero tamén serán quen de presentalo e defendelo comercialmente do xeito correcto.

Impartirase diariamente do 24 de novembro ao 10 de decembro en horario de 10:00h a 14:00h .

En conxunto ofreceranse 70h de actividade dirixidas a persoas emprendedoras, empresariado, traballadores/as en activo e persoas desempregadas da zona do proxecto. A inscrición a esta actividade realizarase a través da páxina web www.cersiaempresa.org e terá os horarios definitivos, lugar de realización e límite de prazas indicados na convocatoria publicada nesa mesma web.

A presentación da solicitude ou realización da inscrición on line implica a aceptación das presentes bases

O Concello de Santiago reservase o dereito a modificar por necesidades do servizo e para un mellor funcionamento do programa as datas concretas de realización das citadas actividades, circunstancia que sera comunicada ás persoas participantes.



**ANEXO I:
INSTANCIA DE SOLICITUDE: INSCRIPCIÓN PROGRAMA MELLORAR E
MEDRAR NO URBANA SANTIAGO NORTE**

Rexistro de entrada:

DATOS DA EMPRESA SOLICITANTE:

Nome:

NIF/NIE:

Enderezo:

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO:

Indicar os datos da persoa responsable a efectos da participación neste programa):

Nome:

Teléfono:

Correo electrónico

Cumplimento do criterio de acceso ao Servizo de Apoio á Empresa do programa Mellorar e Medrar en Urbana Santiago Norte:

- Ter unha empresa xa implantada na zona Urbana Santiago Norte.

Documentos entregados:

- Fotocopia do DNI (obrigatorio en todos os casos)
- Fotocopia da escritura pública da empresa, ou alta de autónomos e alta no censo de obrigados tributarios de Facenda (mod 036). (para as persoas que indican ter unha empresa xa implantada na zona Urbana Santiago Norte)

Servizo de asesoramento no que solicita ser admitido/a:

- Modelo de Negocio
- Hostelería e restauración.
- Comercio

Pode solicitar a admisión a máis de un servizo, indicando a orde de preferencia entre os mesmos. Só se poderá participar nunha das accións.

A sinatura desta solicitude implica a conformidade coas bases da convocatoria, que poden consultarse nas webs municipais <http://www.urbanasantiagonorte.org/> ; www.cersiaempresa.org e www.santiagodecompostela.org

Santiago de Compostela, de de

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, dou o meu consentimento para que todos estes datos señan incluídos nun ficheiro automatizado do que é titular o Concello de Santiago de Compostela e poidan ser empregados coa finalidade de xestión, seguimento, asesoría técnica e envío de información sobre o mema das consultas así como o traspaso dos mesmos ao palicativo Xatemprego da Xunta de Galicia.

Declaro estar informada/o sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social do Concello de Santiago de Compostela, sito no Edificio Cersia, C/ Alcalde Raimundo López Pol s/n en Santiago de Compostela.



FEDER

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional

"Unha maneira de facer Europa"